

Con data de hoxe a Alcaldía-Presidencia elevou a resolución unha proposta do Servizo de Recursos Humanos que transcrita literalmente di como segue:

*“Con data 21/08/2017 por parte Intervención se devolve o expediente remitido por este servizo o día 14/08/2017 para a aprobación do sistema e criterios de selección en relación co expediente de contratación do persoal docente necesario para a impartición do módulo AFD 2017 denominado “SSCS0209 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais”, polos motivos que de seguido se citan:*

*“- A utilización única e exclusivamente da Oferta Xenérica de Emprego, sen convocatoria pública non se axusta aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade establecidos en relación co todo o persoal público polos artigos 23.2 e 103.3 da CE, así como aos principios de publicidade das convocatorias e das súas bases, e de transparencia e obxectividade (art. 49 de Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia). Non se xustifica a excepcionalidade do sistema elexido.*

*- O contido xenérico “adecuación ao posto” así como a valoración da entrevista, nun 40% sobre a puntuación total, non asegura a obxectividade e racionalidade do proceso selectivo.”*

*Con data 30/08/2017 a xefatura de Servizo de Recursos Humanos e Emprego emite informe, que se xunta ao presente expediente, no cal se xustifica a excepcionalidade do sistema de selección escollido e se aceptan as apreciacións en canto ao concurso.*

*Mediante a Orde do 7 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria se estableceron as bases reguladoras e se efectuou a convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercizos de 2017 e 2018 (código de procedemento TR301K), DOG número 59 do 24/03/2017.*

*Ao abeiro da citada orde este Concello solicitou subvención para a programación de distintas accións formativas.*

*A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, emitiu con data 27/07/2017 unha resolución pola que se conceden as seguintes accións formativas:*

CURSO	ESPECIALIDADE	FORMACION TRANSVERSAL	HORAS	SUBVENCIÓN
103347	SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS	FCOXXX24 -Formación para a Igualdade (8) FCOO003 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10)	468	33.378,00
103338	FCOV23 COMPETENCIA MATEMÁTICA N2	FCOXXX24 -Formación para a Igualdade (8) FCOO003 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10)	138	10350
103344	FCOV22 COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELA N2	FCOXXX24 -Formación para a Igualdade (3) FCOO003 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10)	138	10350
103346	FCOVXX01 COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA N2	FCOXXX24 -Formación para a Igualdade (8) FCOO003 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10)	38	2850

*Para impartir os distintos módulos nos que se distribúe a parte non transversal do curso 103347 cómpre seleccionar a dous/docentes, dos cales un será técnico da rama profesional específica do curso.*

*Para a selección de persoal laboral ao servizo da Administración Pública, ademais dos principios que rexen a contratación laboral, están os principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso, e se ben non está previsto procedemento ningún para a súa selección, dado o carácter temporal do vínculo e a urxencia da contratación, presupónse sobre os mesmos a axilidade e a rapidez na selección.*

*Neste sentido a Orden APU/1461/2002. de 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (de aplicación supletoria á Administración Local) no seu artigo Terceiro apartado Cuarto establece que: “Por razones de plazos o de dificultad para captar candidatos, podrá recurrirse, con carácter excepcional, a los servicios públicos de empleo para realizar la preselección.”*

*Polo exposto, e para o fin de efectuar a selección das dúas persoas que impartirán os módulos non transversais que conforman o curso 103347 SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS propoñemoslle a vostede a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Efectuar as correspondentes Ofertas xenéricas ao Servizo Público de Emprego, ofertas nas cales se terá en conta que a contratación do persoal docente deberá cumplir coas prescripcións establecidas para impartir a especialidade formativa en canto a titulación, experiencia profesional e competencia docente, de*

conformidade cos requisitos recollidos no RD 1379/2008 (BOE num. 218, de 9 de setembro de 2008), modificado polo RD 721/2011 (BOE núm. 149, de 23 de xuño de 2011) modificado polo RD 625/2013 (BOE núm. 224, de 18 de setembro de 2013) correspondentes ao certificado de profesionalidade **SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institución sociais**.

**Segundo.-** Aprobar os criterios de selección aos cales serán sometidas as persoas preseleccionadas polo Servizo Publico de Emprego que son as que de seguido se relacionan:

Para os modulos **MF1016\_2: Apoyo na organización de intervencións no ámbito institucional; MF1019\_2: Apoyo psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións e MP0029: Módulo de prácticas profesionais non laborais**, serán os seguintes:

#### **Valoración curricular (máximo 5 puntos):**

- Formación reglada (máximo 2 puntos):
  - Titulacións prioritarias para o desenvolvemento da formación (1 punto):
    - Psicoloxía e Psicopedagoxía
  - Master/postgrao relacionados coa familia profesional (1 punto)
    - Por cada 250h.: 0,5 puntos
- Experiencia profesional dentro da familia da especialidade AFD (máximo 2 puntos):
  - Dende 500 horas de formación : 2 puntos
  - De 499h. até 250h. de formación : 1 punto
  - De 249h até 125 horas de formación: 0,50 puntos
- Cursos directamente relacionados coa familia da especialidade AFD (máximo 1 punto):
  - Por cada 50 horas de formación en cursos relacionados 0,1 puntos

**Entrevista persoal**, cunha duración máxima de 30 minutos (**máximo 1 punto**) no que a adecuación ao posto cualificarse do seguinte xeito:

- a. Aptitude e actitude ante a potencial contratación (máximo 0,75 puntos): Elaborarase polos membros da comisión avaliadora, con carácter previo, unha batería de máximo 5 preguntas, referidas á súa capacidade de resolución de conflictos en aula así como relativa ao coñecemento da tipoloxía de alumnado propio destas accións formativas, considerando neste epígrafe a capacidade e coñecementos dos aspirantes na resolución das cuestións/problemáticas plantexadas.
- b. Situación socio económica e familiar do/a aspirante (máximo 0,25): valoraranse aspectos de discriminación positiva da situación dos aspirantes, do seguinte xeito:
  - parados de longa duración (máis de 12 meses) : 0,10 puntos máximo.
  - Pertenza a colectivos de difícil inclusión: mulleres, minusválidos, minorías étnicas, maiores de 45 anos, ...: 0,15 puntos máximo.

Para os modulos **MF1017\_2: Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións e F1018\_2: Intervención na atención sociosanitaria en institucións**, serán os seguintes:

#### **Valoración curricular (máximo 5 puntos):**

- Formación reglada (máximo 2 puntos):
  - Titulacións prioritarias para o desenvolvemento da formación (1 punto):
    - Medicina, enfermería
  - Master/postgrao relacionados coa familia profesional (1 punto)
    - Por cada 250h.: 0,5 puntos
- Experiencia profesional dentro da familia da especialidade AFD (máximo 2 puntos):
  - Dende 500 horas de formación: 2 puntos
  - De 499h. até 250h. de formación: 1 punto
  - De 249h até 125 horas de formación: 0,50 puntos
- Cursos directamente relacionados coa familia da especialidade AFD (máximo 1 punto):
  - Por cada 50 horas de formación en cursos relacionados: 0,1 puntos

**Entrevista persoal**, cunha duración máxima de 30 minutos (**máximo 1 punto**) no que a adecuación ao posto cualificarse do seguinte xeito:

- c. Aptitude e actitude ante a potencial contratación (máximo 0,75 puntos): Elaborarase polos membros da comisión avaliadora, con carácter previo, unha batería de máximo 5 preguntas, referidas á súa capacidade de resolución de conflictos en aula así como relativa ao coñecemento da tipoloxía de alumnado propio destas accións formativas, considerando neste epígrafe a capacidade e coñecementos dos aspirantes na resolución das cuestións/problemáticas plantexadas.
- d. Situación socio económica e familiar do/a aspirante (máximo 0,25): valoraranse aspectos de discriminación positiva da situación dos aspirantes, do seguinte xeito:
  - parados de longa duración (máis de 12 meses) : 0,10 puntos máximo.
  - Pertenza a colectivos de difícil inclusión: mulleres, minusválidos, minorías étnicas, maiores de 45 anos, ...: 0,15 puntos máximo.

**Terceiro.-** Designar como membros integrantes da comisión avaliadora que, con base á preselección dos Servizo Público de Emprego, procederá á selección final de aspirantes para o fin de efectuar os correspondentes contratos, ás persoas que de seguido se citan:

*Titular: Cristina Garay Aguirre, xefa de Servizo de Recursos Humanos e Emprego*

*Suplente: Ana Belén Ruibal Mariño, xefa de Sección de Recursos Humanos*

*Titular: Ana María Alonso Yáñez, xefa do Negociado de Emprego*

*Suplente: María Victoria Lamigueiro Pita, xefa do Negociado de Igualdade e Xuventude*

*Titular: Rogelio Cenalmor Palanca, xefe do Servizo de Contratación*

*Suplente: Ana Elisa Quindós Lindín, técnica de Contratación*

*Titular: María Teresa Alonso Novo, axente de emprego e desenvolvemento local, que actuará en calidade de asesor/a*

*Suplente: Manuel Naveiro Rodriguez, axente de emprego e desenvolvemento local, que actuará en calidade de asesor/a*

*Titular: Ricardo Costa Arribe, técnico de orientación, que actuará en calidade de asesor/a*

*Suplente: Sonia López Soto, técnico de orientación, que actuará en calidade de asesor/a*

*A funcionaria adscrita ao Servizo de Recursos Humanos que actúe na citada comisión asumirá a función de levantar acta da reunión ou reunións, que de ser o caso, se celebren.*

**Cuarto.-** O persoal docente que resulte seleccionado para cada un dos módulos formativos se contratará en réxime laboral temporal, cun contrato de traballo de duración determinada na modalidade de “por obra ou servizo, a xornada parcial (75%) e con horario flexible.”

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE do 14/07/1998).

Ferrol,  
O secretario xeral

- 6 SET. 2017

